



# FRAN REI

## O conto de Barriga Verde

### A COMPAÑÍA

Os Sete Magníficos Máis Un naceron en 2001 ao abeiro do Festival Internacional de Clown de Galicia (Festiclown) e son a súa compañía oficial. Integrada por un elenco de pallasas e pallasas formados cos mellores mestres/as a nivel internacional, esta é unha das compañías máis populares nas programacións galegas dos últimos anos. Con espectáculos coma *Dous pallasos en apuros* ou *O gordo e o calvo van ao médico* e, máis recentemente, *Mañá será outro día* ou *Bivalvos como galegos!*, os Magníficos recuperan as vellas farsas de circo clásico e reinvéntanas trasladando ao respectable ás máis grandes gargalladas sempre baixo o prisma da calidade, do espírito *clown* e do bo facer teatral. Recoñecida e aplaudida tanto pola crítica como polo público, Os Sete Magníficos Máis Un converteuse na compañía pioneira en Galicia na renovación do novo circo e *clown*.

### O ESPECTÁCULO

**Fran Rei** presenta un novo espectáculo unipersoal que mestura narración oral, humor e maxia: *O Conto de Barriga Verde*. Escrito por Avelino González, a partir de tres obras de Manuel María (*Barriga Verde*, *Os Soños na Gaiola* e *Aventuras e Desventuras dunha Espiña de toxo chamada Berenguela*), *O Conto de Barriga Verde* pretende ser un achegamento á poesía, prosa e teatro do autor lucense a quen se lle dedica o Día das Letras 2016.

Nesta sinxela historia, Fiz, un mozo labrego galego, terá que enfrontarse ao Serrador e ao Demo polo namoramento da sempre belida Moza. Coa axuda da maxia do seu padriño Barriga Verde, vello e neno ao mesmo tempo demostrarán que nada é máis forte que o amor verdadeiro.

**Manuel María**, "(...) Aquí sigo: ledo, ufano, satisfeito de estar vivo. Mentras o tempo me gasta: paseo, leo e escribo...!" (*Os Soños na Gaiola*, 1968).

### FICHA ARTÍSTICA

Dirección: Tareixa Campos

Autor: Manuel María

Adaptación: Avelino González e Fran Rei

Elenco: Fran Rei

Escenografía: Marga Portomeñe e Fran Rei

Xénero: contacontos e maxia

Clasificación: Público infantil e familiar

Duración: 55 minutos

Produción: Culturactiva SCG



info

[www.culturactiva.org](http://www.culturactiva.org)